



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE XULLO DE 2007.-

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario-Acctal.:</u> D. José Angel Carballo Feijoó.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e tres minutos do día dezanove de xullo de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal., o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoó.</p>
--	--

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.-

Toma a palabra o Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que os votos do PSOE consta 1324 e son 1314, tamen que Luis Cendan ten dous votos e é un, e na páxina 3 consta o nome da Concelleira como Josefina Martínez Martínez e o correcto é Josefina Fernández Fernández.

Coas anteriores correccións o Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da sesión celebrada polo Concello Pleno o día 16 de xuño de 2007.

Punto núm 2.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.

Polo Sr. Secretario dase conta de que se presentan os escritos de Constitución, por Orde de Entrada: Partido Popular que constitue en Grupo Municipal Popular, Portavoz D. José Manuel Cendán Fernández e suplente a D. José Francisco Echevarría Lage.

Nova Alianza que constitue en Grupo Municipal Mixto, Portavoz D. Luis Cendán Fernández.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



P.S de G-P.S.O.E. que constitue o Grupo Municipal Socialista, Portavoz, D. José Juan Vilasánchez Pazos, suplente D^a Ana María Fernández Coira.

Bloque Nacionalista Galego, que constitue en Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Portavoz D. Manuel Rodríguez Doval e suplente D^a María Belen Abeal Pérez.

O Pleno do Concello dase por enterado.

Punto núm 3.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Polo Sr. Secretario dase conta que por Resolución da Alcaldía de 18 de xuño de 2007, do seguinte teor literal:

Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente, deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobáse o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 17 e 19 do Regulamento Orgánico.

Resolvo:

Primeiro.- Designar membros da Xunta de Goberno Local ós señores:

Don José Juan Vilasánchez Pazos.

Don José Salvador Ferreiro Montenegro.

Dona María Victoria Montenegro Paz.

Dona Ana María Fernández Coira.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións:
- b) As atribucións, que está Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



- 1) Disposicións e ordenación de gastos e a aprobación das facturas que correspondan ó desenvolvemento norma do presuposto, cando a súa contía exceda de 6000,00 euros e os expresamente previstos nas bases de execución do presuposto, asemade como as certificacións de obras cando a súa contía exceda de 6.000 euros.
- 2) Concesión de licencias urbanísticas.
- 3) Concesión de licencias de apertura clasificadas, reservándose a Alcaldía a concesión das licencias inocuas.
- 4) Aprobación de padróns fiscais.
- 5) Aprobación de acometidas de auga e rede de sumidoiros.
- 6) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe exceda dos 6000,00 Euros, e non supere o 10 por centos dos recursos ordinarios dos presuposto nin, en calquera caso, os 6.000.000,00 Euros incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, asemade como a contratación e concesión de obras, servicios e subministros que excedendo do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, teñan unha duración non superior a un ano ou ben non esixan créditos superiores ós consignados no presuposto anual.
- 7) A aprobación dos proxectos de obras e servicios da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no presuposto.
- 8) Reclamacións de responsabilidade patrimonial.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal apróbase o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais."

O Pleno do Concello dase por enterado.

Punto núm. 4.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Polo Sr. Secretario dase conta que por Resolución da Alcaldía de data 16 de xullo de 2007, do seguinte teor literal:



"Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, ALCALDE-PRESIDENTE, deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobábase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

RESOLVO

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde ós Concelleiros seguintes:

1º Tenente de Alcalde: D. JOSE JUAN VILASANCHEZ PAZOS.

2º Tenente de Alcalde: Dª MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.

3º Tenente de Alcalde: Dª ANA MARIA FERNÁNDEZ COIRA.

4º Tenente de Alcalde: D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO.

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderálles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e polo orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, asemade como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Segundo.- Da presente Resolución daráse conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais ós designados, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación."

O Concello Pleno dáse por enterado.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE CONCELLEIROS DELEGADOS.-

Polo Sr. Secretario dáse conta que por Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño e da Resolución de 18 de xuño do seguinte teor literal, significando que na Delegación de Dna. ANA MARIA FERNANDEZ COIRA comprende **CULTURA, EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTE COMERCIO E INDUSTRIA** e ademais leva engadido **TURISMO**, que por error non se transcribeu.

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, ALCALDE-PRESIDENTE deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización,



Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión:

RESOLVO:

Primeiro.- Designar a **Dna. Ana María Fernández Coira**, Concelleira Delegada de **CULTURA, EDUCACION, MEDIO AMBIENTE COMERCIO E INDUSTRIA**, delegandolle a facultade de xestión dos servizos de cultura, educación, medio ambiente, comercio e industria.

Segundo.- Designar a **Dna. MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ**, Concelleira-Delegada de **MULLER XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS**, abrangendo a facultade de dirixir os servizos de muller, infancia, xuventude, sanidade e servizos sociais asemade como de xestionar os en xeral.

Terceiro.- Designar a **Dn. JOSE JUAN VILASÁNCHEZ PAZOS**, Concelleiro-Delegado de **URBANISMO E PLANS**, abrangendo a facultade de dirixir os servizos de urbanismo e plans asemade como de xestionar os en xeral.

Coarto.- Designar a **Dn. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO**, Concelleiro Delegado de **EMPREGO, REXIME INTERNO, POLICIA LOCAL PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO**, coa facultade de dirixir os servizos de emprego, réxime interio, policía local, protección civil, seguridade e tráfico, coa facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros referidos á concesión de permisos, licencias e vacacións do persoal do Concello.

Quinto.- Esta Alcaldía reservase para a súa xestión pola mesma os servizos de **FACENDA, PATRIMONIO, DEPORTE, EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUCTURAS**.

Sexto.- Da presente Resolución darase coñecemento ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificándose ademais persoalmente os designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais."

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

CORRECCIÓN DE ERROS.

Vista a designación de Concelleríos-Delegados e proposta de creación e composición de Comisións Informativas efectuadas con data 16-07-07, e advertido erro na omisión de competencia de Turismo tanto na Delegación de Cultura, Educación, Medio Ambiente,



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



Comercio e Industria, como na Comisión Informativa de Cultura, Educación Medio Ambiente, Comercio e Industria, pola presente en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, en especial a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Prodecemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VEÑO EN RESOLVER.

Correxi-lo erro exposto, e na súa virtude a designación Concellería-delegación efectuada debe entenderse referida a Cultura, Turismo, Educación, Medio Ambiente, Comercio e Industria e, tamén a proposta de creación da Comisión Informativa citada debe entenderse referida a Cultura, Turismo, Educación, Medio Ambiente, Comercio e Industria.

Así o acordo e dispón o Sr. Alcalde, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a 18 de xullo de 2007, do que eu Secretario dou fe."

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 6.- PROPOSTA DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.-

Dada conta da Moción da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

"Os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 a) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía presente a seguinte proposta:

Primeiro.- Que o Concello Pleno celebre as sesións ordinarias de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de Abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2 A) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, con carácter mensual, os últimos xoves de mes, ás 12,00 horas do mediodía. En caso de tratarse de día festivo ou inhabil, celebrarásese o seguinte día hábil.

Segundo.- Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o xoves día 26 de xullo, celebrándose a continuación o último xoves de cada mes."

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o seu grupo propuxera na anterior Corporación, e que se ben está de acordo en que a periodicidade sexa mensual, propón que as sesións se celebren en horario de tarde tal como manifestaron na Xunta de Portavoces as 8 da tarde, co obxecto de dar maior participación os veciños na vida municipal, que non



quere facer deste un cabalo de batalla e significar que se se vota tal e como ven o posicionamento do BNG vai a ser a abstención.

Inteven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que na Xunta de Portavoces efectivamente o portavoz do BNG manifestou a súa proposta de facer as Sesións en horario de tarde, e o resto dos grupos mantivemos a posición de facelo en horario de mañán por diversas razóns, eu simplemente podo dar a explicación do Grupo Socialista, que é a seguinte: Que esta Alcaldía renuncia a adicación exclusiva que tiña a Alcaldía, e si polas mañás as vou a dedicar a ser Alcalde, polas tardes loxicamente teña que traballar na Universidade, o que fai imposible que as sesións sexan por las tardes.

Seguidamente toma a palabra o Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que van a ser coherentes co que habíamos aprobado hai catro anos e co obxecto de darlle axilidade á Administración e eficacia consideran que e mellor a celebración das sesións en horario de mañá.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que na Xunta de Portavoces se quedou que no caso de houbera un tema de vital importancia e se considerará necesaria cambiarase a sesión para as oito da tarde, non obstante esta de acordo coa proposta tal e como ben.

O Sr. Alcalde manifesta que efectivamente como di o Sr. Luis Cendán Fernández, na Xunta de Portavoces, se quedou que cando se tratase dalgunha sesión que englobará asuntos que poden ser moi interesantes para a poboación que se celebrará de forma extraordinaria as 8 da tarde o na mañá dos sabados, co obxecto de que a xente poida asistir.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, que di que non somos nos os que temos que decidir si se trata dun punto importante ou non, eso ten que ser a xente a que decida, e que a corporación ten facilitar o que a xente poida vir os Plenos.

Sometida a votación proposta da Alcaldía sobre a periodicidade das Sesións o Concello Pleno por 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 P.P. 1 NAL e 2 abstención (2 BNG), acorda prestar-lle a súa aprobación.

Punto núm. 7.- PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.-

Polo Sr. Alcalde, manifestase que aquí ter en conta a corrección que se efectuó con respecto a unha das Comisións que faltaba a denominación de Turismo,



Polo Sr. Secretario dase conta da proposta da Alcaldía de creación e composición das Comisións Informativas Permanentes, e Comisión Especial de Contas.

" Esta Alcaldía en uso das facultades previstas no artigo 20.1 letra c) da Lei 7/1985, de 2 de abril na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a fin de dar cumprimento ó disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, propón ao Pleno da Corporación oída a Xunta de Portavoces a adopción do seguinte acordo:

Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, asemade como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegacións:

1.- COMISIÓN DE CULTURA, EDUCACIÓN, MEDIO AMBIENTE COMERCIO E INDUSTRIA E TURISMO".

A) Atribucións ou materiais.

Festexos, organización de actividades culturais, colaboración con entidades culturais, exposicións, axencia de lectura, información xuvenil, ensino, turismo e medio ambiente: oficina de turismo, parques e xardíns, cemiterios, praias, alumado público, mercado municipal, abastecemento de auga, servizo contra incendios, recollida e eliminación de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, rede de sumidoiros e augas residuais, promoción económica e industrial, desenvolvemento local e orientación laboral.

b) Número de membros: 7 (P.Sde G-PSOE: 3) (P.P. 3) (B.N.G. 1).

c) Periodicidade: Mensual.

2.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS.

A) Atribucións ou materias.

Servicios de Saúde-Sanidade Pública, protección-atención de menores, servizos sociais, muller, asistencia-protección á muller, (C.I.M., ludoteca, parques infantís, terceira idade).

B) Número de membros: 7 (P.S de G-P.S.O.E: 3) (P.P. 3) (B.N.G.: 1).

3.- COMISIÓN DE URBANISMO E PLANS.



A) Atribucións ou materias.

Seguimento-adaptación Plan Xeral de Ordenación Municipal, Plans e instrumentos de desenrolo urbanístico (Planeamento de desenrolo), Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbán, etc), disciplina urbanística, ordes de execución, expedientes contradictorios de ruina, licencias urbanísticas, licencias de 1ª ocupación, autorizacións de ocupación dominio público, plans-programas de inversións locais e obras municipais, expropiacións.

B) Número de membros 8 (P.S.dG.-P.S.O.E.: 3) (P.P.: 3) (B.N.G 1) (N.A.L. 1).

C) Periodicidade: Mensual.

4.- COMISIÓN DE FACENDO, PATRIMONIO, DEPORTE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUCTURAS.

A) Atribucións ou materias.

Facenda, tributos, orzamento, operacións de prestamos, contribucións especiais, patrimonio: inventario, calificación, adquisición-enaxenación, disfrute e aproveitamento de bens municipais, deportes: actividades deportivas-escolas deportivas municipais, organización de actividades deportivas e colaboración coas entidades deportivas locais, programas e plans de equipamentos e infraestruturas.

B) Número de membros (P.S.deG-P.S.O.E.:3) (P.P.: 3) (B.N.G.:1) (NAL: 1).

C) Peridicidade mensual.

5.- COMISIÓN DE EMPREGO, REXIME INTERNO, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRAFICO.

A) Atribucións ou materias.

Insercción Laboral, políticas de formación-perfeccionamento do Persoal, plantillas orgánicas, cadros de postos de traballo, clasificacións, retribucións, nomeamentos, permisos, licencias, vacacións, protección civil, policitas de prevencións de riscos laborais, policía local: cadro de traballo, permisos, licencias e vacacións ordenación do tráfico, seguridade e sinalización viaria.

B) Número de mebros: 8 (P.S.deG-P.S.O.E) (P.P. 3) (B.N.G 1) (NAL 1).

C) Periodiciade: Mensual.



6.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Para dar cumprimento ó disposto no artigo 127 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 66 e 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e dada a existencia preceptiva de dita Comisión coas funcións previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, crease a Comisión Especial de Contas á cal corresponderá o exame, o estudio e informe de tódalas contas, presupostarias, e extrapresupostarias, que deba aproba-lo Pleno da Corporación, de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A) Atribucións ou materias.

Exame, estudio e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, especialmente a Información da Conta Xeral.

B) Número de membros: 8 (P.S.de G-P.S.O.E.: 3) (P.P. 3) (B.N.G. 1) (N.A.L 1). (Reproducción da Comisión Informativa de Facenda Patrimonio, Deporte Equipavmentos e Infraestructuas).

C) Periodicidade Mensual."

Interven o Sr. Rodríguez Doval, que manifesta que vai a presentar a seguinte emenda:

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG Á "PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSIÓN DE COMISIÓN INFORMATIVAS PERMANENTES E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS".

Tocante ao número e denominación das Comisións Informativas permanentes, a proposta quedaría do seguinte xeito:

- a) Comisión de Urbanismo e Plans.**
- b) Comisión de Obras e Servizos Municipais.**
- c) Comisión de Facenda, Patrimonio, Equipamentos e Infraestructuras.**
- d) Comisión de Medio Ambiente, Sanidade Comercio e Industria.**
- e) Comisión de Réxime Interno, Policía Local, Protección Civil, Seguridade e Tráfico.**
- f) Servizos Sociais e Políticas de Igualdade.**
- g) Cultura, Deportes, Mocidade, Patrimonio, Histórico-Artístico e Turismo.**

Tocante á representación dos Grupos Políticos nas CCII, propónse a seguinte:



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



- * PSOE: 2 representantes en cada CCII
- * PP: 2 representantes en cada CCII.
- * BNG: 1 representante en cada CCII.
- * NAL: 1 representante en 3 CCII (podería aumentarse a 4, dado que tamén aumenta o número de CCII)."

Que este primeiro debate e un dos máis importantes, porque vai a definir o funcionamento da Corporación, a súa posición e a da Alcaldía son diferentes como manifestaron o outro día na Xunta de Portavoces, que quere facer un debate co obxecto de se acorde a forma para que esta Corporación funcione da mellor maneira posible, garantizando a todos os grupos a participación se poida dar articulada dunha maneira sensata, e que a eficiencia das diferentes areas se poida ver reflexada no traballo que fai a Institución, que é o que lle importe á cidadanía. A denominación das diversas areas que leva cada comisións é un tema importante, nos trasladamos no seu momento un avance de como nos entendíamos o funcionamento das diversas Comisións no noso Concello, con tres criterios básicos, a funcionalidade, no quero ocultar diferenza que existe entre a proposta que fai a Alcaldía e a que fa o BNG, non sei si será mellor unha ou a outra, na proposta que presentou a Alcaldía na Xunta de Portavoces. Entrando no contido da emenda, nos mantemeos o que xa manifestamos na xunta de portavoces no referente á proporcionalidade, na proposta que nos presentou a Alcaldía na Xunta de Portavoces a pasada semana, o PSOE tería 2 representantes en cada Comisión, o PP tería 2 representanes en cada Comisión, 1 BNG tería 1 representante en 4 das Comisións e NAL tería 1 representante en 2 Comisións. Nos defendimos a nosa posición manifestando que temos 2 representantes no Concello Pleno e que extrapolando esa representatividade queríamos ter representación en todas as Comisións, naquel momento o Portavoz do Grupo Popular propuxo entonces que tanto o PP como o PSOE parasaran a ter 3 representantes en todas, e finalmente como proposta de consenso, eu teño apuntado aquí que quedaría que o PSOE tería 2 representantes en todas as Comisións, o P.P 2 representantes, o BNG 1 representante, e NAL que se lle amplie unha Comisión e dicir en lugar de ter 1 representante en dúas Comisións pasaría a estar presente en 3 Comisións Informativas.

Con respecto as competencias das Comisións Informativas, nos entendemos que deben haber fio conductor en cantos as materias que abordan e un grao de racionalidade para xestionar as competencias, dando seguidamente lectura o conxunto de competencias que ten atribuídas a primeira das Comisións "**CULTURA EDUCACIÓN, MEDIO AMBIENTE COMERCIO E INDUSTRIA E TURISMO**", non dubido a capacidade que poida ter cada un de nos para levar esto, pero o BNG parecелles demasiadas competencias para unha sola Comisión, e hai competencias que van a ser difícil de xestionar porque están nas antipodas doutras Comisións, na mesma Comisión meter o tema de actividades culturais e a depuración de augas residuais non lle parece lóxico, no tocante a coherencia non lle parece lóxico a introducción da area de Deportes nunha Comisión que ten marcado un perfil económico patrimonial como é a Comisión de Facenda, polo que é o traballo diario, as Comisións terán que funcionar como demanda ó que esta pedindo a xente, a area de obras e servicios



municipais, no figura definida en ningunha das Comisións, e polo que nos entedemos está incluída na area de Cultura, finalmente facemos unha pregunta que é ¿que atribucións ten en materia de xuventude a Comisión que teoricamente a asume? que é a Comisión número 2, que dice "**MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS**", se leemos as competencias non aparece nada de Mocidade, entendo que debería figurar algo, para rematar dicir que a proposta que nos facemos esta baseada no que foi o funcionamento da Corporación Municipal dende hai moitos anos, coa inclusión dalgunhas competencias novas, buscando un mellor funcionamento e mellorar a atención o conxunto da cidadanía.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que o Sr. Secretario se dirixeu a mín co obxecto de que lle manifestará as Comisións nas que quería participar, e me debeu de entender mal, dicir el cambio das Comisións nas que quero formar parte son Cultura, Facenda e Servicios Sociais. Significando que unha Sentencia do Concello de Elche, lle da a representación en todas as Comisións a un membro do Grupo Mixto, pero que non vai a facer con esto cabalo de batalla.

Interven o Sr. Jose Manuel Cendán Fernández, manifestando que entenden que na Xunta de Portavoces que se había chegado a un acordo, na proposta da Alcaldía se establecían 2 do PSOE e 2 membros do PP en todas as Comisións 1 de BNG e 3 out 4 Comisións 1 de Nal en 2 Comisóns, a proposta do PP era que para darlle representación en todas as Comisións fora 3 do PSOE e 3 do PP en todas 1 do BNG en todas e 1 de NAL en 3 Comisóns, eu creo que esa erá proposta que habíamos chegado a un acordo, dicir que agora se presenta unha emenda á formación das Comisións, que presenta 7 Comisións, o equipo de goberno son 5, entende que non deben de facer 13 Comisións para que cada un leve unha, que o equipo de goberno son 5 e entende perfectamente que se distribua o goberno en 5 comisións.

Nos estamos de acordo co reparto que se trae polo Grupo de Goberno, salvo que na Comisión de Urbanismo e Planes, entedemos que se debe de englobar tamén Equipamentos e Infraestructuras.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que a proposta inicial que se levou á Xunta de Portavoces é a proposta da Lei de Bases que trouxo o Sr. Secretario, certo é que o BNG quixo estar representado en todas as Comisións, significar que la Turismo non aparece por un error de transcripción del Sr. Secretario. Dicir que esta Alcaldía defiende el reparto del organigrama en 5 Comisiones por somos 5 os membros do Goberno, e temos que facer un reparto equitativo das areas. No referente o manifestando que a Comisión de Obras e Servicios non aparece reflexada como tal, dicir que esta englobada na de Personal por ser



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



obras e servicios municipais que van a ser realizados polo persoal municipal, polo persoal da Nave, en entenden que isto debe ir aparelado.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que o segun di o Sr. Luis Cendán, que se vai os Tribunais, lle dan a razón de ter un representante en cada unha das Comisións, non se entende que o BNG con dous representantes no Pleno non teña 1 membro en cada Comisión Informativa, proporcionalidades aparte servía para cotexar e chegar a o maior consenso posible, apuntei o do consenso porque entendín que o consenso era así, a posición que ó final quede o PSOE con 3 e o PP con 3 eso non é proporcional porque vostedes teñen no Pleno 5 de 13 e nas Comisións 3 de 8 polo que entende que estan desproporcionados; e na proposta que fixen na Xunta de Portavoces que era que o que peor queda que é Nova Alianza que teña presenza nunha Comisión máis, en segundo lugar no tema das competencias interpreto que hai unha confluencia nalgunha das areas, a Comisión de Obras e Servicios como dixo o Sr. Alcalde a Comisión figuraba co persoal correspondiente, neste organigrama que se nos trae aquí non figura a Comisión de Obras e Servicios, a Comisión de Obras vou a explicar son as obras municipais que se fan co persoal municipal e servicios que presta o Concello (recollida do lixo, alcantarillado, alumado público, limpeza, augas), o encandre de eso nunha Comisión onde vai Cultura, para nos non esta ben, non entendo como esta Comisión pode ter entre as súas competencias, Cemiterios, Eliminación de residuos etc, que entendo como dixo o Sr. Alcalde que sería competencia exclusiva de Obras e Servicios co seu persoal, hai ten un campo de actuación moi grande. Remato dicindo que o como díxo o portavoz do P.P. se vai a un organigrama de 5 Comisións, pero dicir que o BNG tiña pensado un goberno con 7 Comisións, por eso facemos unha proposta de 7 areas, e non puido ser e non pasa absolutamente nada.

O Sr. Alcalde di que o tema de Cemiterios este englobado dentro da Cultura e Medio Ambiente, é porque o Grupo Socialista no pensa na asignación dun nicho do Cemiterio, senón que no seu programa ten previsto a construción dun novo cemiterio, e eso ten un impacto ambiental, de hai o feito e que vaia a Medio Ambiente.

Considerada, a Alcaldía-Presidencia, suficientemente debadito o asuntos, faise a aclaración que Obras e Servicios vai englobada na Comisión Quinta quedando por tanto: **"5.- COMISIÓN DE EMPREGO, REXIME INTERNO, OBRAS E SERVICIOS, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRAFICO**, acto seguinte sometese a votación a emenda presentada polo grupo municipal do BNG, e o Pleno do Concello 2 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 1 abstención do NAL, e 10 votos en contra 5 PSdeG-PSOE e 5 P.P. acorda rechaza-la emenda presentada polo grupo Municipal do BNG.

Acto seguinte sometese a votación a proposta da Alcaldía coa modificación da comisión 5ª engadindo Obras e Servicios, e na 3º **URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS E PLANS.**



O Concello Pleno por 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 P.P., 1 NAL, e 2 votos en contra (2 B.N.G.), acorda prestarlle a súa aprobación.

Punto núm. 8.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN ORGANISMOS.-

Dase conta da Proposta da Alcaldía-Presidencia de data 16 de xullo do seguinte teor literal:

"Designación representantes municipais en organismos.

Proponse o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno:

1. Para representar ó Concello na **Mancomunidade de municipios da ría de Ferrol**, proponse que tal, como xa viña ocorrido desde a constitución da Mancomunidade de municipios da Ría de Ferrol a representación deste Concello nos termos do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais será desempeñada pola persoa que ostenta a Alcaldía.

2.- Para representar ó Concello na **Asemblea Xeral de Caixa Galicia**, como xa viña ocorrido, a representación deste Concello nos termos do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1. a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización Funcionamento Réxime Xurídico das Entidades Locais será desempeñada pola Persoa que ostenta a Alcaldía.


3.- Para representar ó Concello no **Consello Escolas do Colexio Público Conde de FENOSA e Escola de Párvulos de Caamouco**, proponse que sexa ó Concelleiro Dn JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación á proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

Punto núm. 9.- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.

Polo Sr. Secretario dase conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



En virtude do establecido no artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, 79 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 327 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, creáse a MESA DE CONTRATACION como órgano de asistencia ao Pleno do Concello coas seguintes funcións e composición:

* Asistir ó órgano de contratación para a adxudicación de contratos.

COMPOSICIÓN:

PRESIDENTE: Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

VOCAIS: Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro (en representación do PSOE).

Dn. José Manuel Cendán Fernández, en representación do P.P.

Dn. Luis Cendán Fernández, en representación de NAL.

Dn. Benito José Calvo Castro. Técnico Municipal.

Dn. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario da Corporación con funcións de asesoramento xurídico.

SECRETARIO: D. José Angel Carballo Feijoó, funcionario administrativo do Concello."

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que van a votar a favor e ademáis saudar que por fin tiñamos unha mesa de contratación na que participemos todos os grupos e non como o Partido Popular tiña impedido nos últimos tempos.


O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Punto núm 10.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Dada conta da Moción de Alcaldía-Presidentencia, do seguinte teor literal:

"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Esta Alcaldía-Presidentencia, coa finalidade de axilizar os procedementos e en especial de personamento en accións xudiciais propón a delegación pro parte do Pleno na Alcaldía ó tenor do artigo 22.4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, 64.4 da Lei 5/1997 a seguinte competencia:



"O exercicio de accións xudiciais e a defensa da Corporación en materia de competencia Plenaria".

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando, que a nos gustaríamos que a competencia para o exercicio de accións xudiciais seguira recaendo no Pleno, creo que é bo para equipo de goberno fundamentalmente, esperamos que o exercicio de accións xudiciais quede nun segundo término que as accións xudiciais formen parte do pasado e o que aquí faigamos sexa política, as accións xudiciais que houbo que facer polas cafradas do anterior equipo de goberno tivemos que pagalas todos, se houbese sido o Pleno o que tivese que adoptar o acordo outro galo cantaría.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que están de acordo que siga sendo unha competencia da Alcaldía, e por parte do Portavoz do BNG se fala de cafradas da anterior Corporación, diga cales, e decirlle que están as sentencias que nun 99% son favorables a Alcaldía, e neste caso o Alcalde.

O Sr. Alcalde, propón que esa Delegación, pero de maneira inmediata a adopción desta medida se convoque unha Xunta de Portavoces para ratificar esa acción.

Sometida a votación a Moción coa emenda "**in voce**" de dar conta inmediata á Xunta de Portavoces para seu coñecemento e ratificación, e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación.

Punto núm 11.- DESIGNACIÓN AREAS CON ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E INDEMNIZACIÓNS MEMBROS DE CORPORACIÓN.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, quen manifesta que retira este asunto da Orde do Día.

Punto núm. 12.- ASIGNACIÓN A GRUPOS POLITICOS.-

Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia do seguinte teor literal:

DOTACIÓN ECONOMICA GRUPOS POLITICOS.-

Esta Alcaldía-Presidencia, propón o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:


ASIGNACIÓN OS GRUPOS POLITICOS:

Asignarase ós grupos políticos unha dotación económica polo importe total de **12755,96 Euros anuais**. Dita asignación terá dosu componentes:



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



1.- Un componente fixo do 50% da asignación total, a repartir en todos os grupos indenticamente.

2.- Un componente variable (o restante 50%) a repartir en función do número de membros de cada grupo político.

Ditas cantidades non poderán destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquer tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñeran a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

As contías experimentarán o incremento que as Leis Xerais de Presuposto do Estado establezan para o sistema retributivo dos funcionarios públicos."

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a composición variou, e a composición da Corporación e diferente, e a partida existente é a mesma, entón propon que ven via expediente ou coa aprobación dos orzamentos tratar de incrementar a partida.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario-Acctal., do fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO-ACCTAL.,